

### **Tarefas de Historia 3º da ESO para facer na semana do 18 ao 22 de maio.**

Ola estimados alumnoas: Vexo que algúns/as de vós non me enviáchedes nada de actividades. Dixéronme dende a Dirección do centro e tamén as cosas titoras que non comprendedes as tarefas porque son dos temas de Historia e a algúns vos custa entendedelos. Tedes razón, tiña que ter sido máis previsor, desculpade. Pero bueno, como algúns dos vosos compañeiros sí que están a facer e mandarme as tarefas, estas últimas semanas vouvos dar a posibilidade escoller entre dúas opcións: Xeografía e Historia. Unhas seran de repaso e outras de avanzar materia. Podedes facer as que queirades, que con calquera delas poderedes optar aos dous puntos a maiores sobre a nota da 2ª avaliación. Dacordo?

Pois iso: [steinbeck72@gmail.com](mailto:steinbeck72@gmail.com)

E agora imos coas actividades desta semana **para os alumnos Históricos**. Imos rematar o tema 11, A formación do Imperio español. E para iso, actuaremos do seguinte xeito:

- Completaremos o esquema da páxina 305. Como fixemos cos outros temas.
- Copiaremos O legado da conquista de América (O cadro sepia da páxina 307).
- Finalmente, faremos as actividades 37, 38 e 39 da páxina 310, que tratan sobre unha das cuestións máis problemáticas da conquista americana dende un punto de vista ético e moral: O trato aos indios por parte dos colonizadores europeos. Espero que, ante todo, vos axuden a reflexionar un pouco sobre este tema tan peliagudo.

E, a continuación, as actividades para os **alumnos Xeográficos**. Imos repasar algunhas cuestións do tema 1: A organización política do Mundo. E para iso, actuaremos desta maneira:

- Completaremos o esquema A organización política do Mundo da páxina 36 (exercicio 21). Para completalo acudiremos ás páxinas 16, 20, 21 e 22.
- Faremos a actividade 24 da mesma páxina 36 sobre a organización territorial de España. Para iso empregaremos a información da páxina 33.
- Faremos a actividade 26 sobre a ONU. Para iso empregaremos a información da páxina 25.
- Finalmente, copiaremos no noso caderno o cadro sepia da páxina 37 sobre os dereitos humanos. Algo moi,moi importante e necesario (defendelos).

E xa está por esta semana, amigoas. Espero que, deste xeito, todas os que queirades traballar algo na materia de Sociais poidades facelo sen maiores problemas. Espero que sigades todas ben e que vos animo a que me mandedes as actividades. Veña, campeóns, ánimo e saúde!!!